

BLOQUE I: SÉCULOS XVI-XVII

TEMA 2: A CONFIGURACIÓN DO IMPERIO ESPAÑOL NO S. XVI (A HERDANZA DE CARLOS I, OS CAMBIOS EN TEMPOS DE FELIPE II: REBELIÓN DE FLANDRES, INCORPORACIÓN DE PORTUGAL, GUERRA CONTRA INGLATERRA).

Conceptos relacionados: TERZOS - GRAN ARMADA

A morte de **Isabel a Católica** en 1504 deu paso a unha curiosa situación: a súa filla **Juana** converteuse en raíña de Castela e **Fernando** continúa sendo rei de Aragón. Ante a fráxil saúde mental de **Juana**, será o seu marido, **Felipe de Austria** quen actúe como verdadeiro monarca, pero este morrerá pronto, o que levará a **Fernando** o católico a facerse cargo do reinado de Castela. En **1516** morre **Fernando** e o seu neto, **Carlos**, será proclamado rei de Castela e de Aragón, non sen múltiples resistencias por parte de ambos reinos, debido á crianza estranxeira de Carlos.

Con **Carlos** iníciase o reinado da dinastía dos **Austria** (Habsburgo) no noso país, e a chamada **MONARQUÍA HISPÁNICA**, na que recaía o peso de manter este gran imperio, fundamentalmente no Reino de Castela.

A HERDANZA DE CARLOS I:

Debido á política matrimonial dos **Reis Católicos**, o seu neto **Carlos** herdará un territorio inmenso:

- Por parte da nai herdará Castela e Aragón, co título de **Carlos I**, incluído o Reino de Nápoles e Sicilia, Navarra, as prazas no norte de África e os novos territorios descubertos, as chamadas Indias.
- Por parte dos seus avós paternos, **Maximiliano de Austria** e **María de Borgoña**, herda Flandres, o Franco Condado, e a partir de 1519 a coroa do Sacro Imperio Romano Xermánico, coa denominación de emperador **Carlos V**, máis os territorios dos Habsburgo (Austria, Bohemia, Hungría).

A gran herdanza recibida alentaron en **Carlos** a idea de crear unha **monarquía católica universal**. Así, loitou en nome do cristianismo contra os otománs en Europa Oriental e no Mediterráneo, e contra os protestantes en territorios alemáns e dos Países Baixos. Serán estas guerra contra os príncipes alemáns as que rematen coa Paz de Augsburgo (1555), na que se recoñecía a división relixiosa do imperio alemán. A amargura deste fracaso é unha das explicacións da súa **abdicación en 1556**. Así, deixaralle a maior parte da súa herdanza ao seu fillo **Felipe II**, salvo a coroa de Emperador e os territorios patrimoniais dos Habsburgo, que recaen no seu irmán, **Fernando**.

O REINADO DE FELIPE II (1556-1598)

Felipe II herda polo tanto un extensísimo territorio. A todo isto engadiralle en 1580 o **reino de Portugal**, debido á morte do rei, que era o seu avó. Deste xeito logrou a unidade peninsular e a fusión dos territorios de América, a chamada **Unión Ibérica**. Portugal continuou gozando de independencia na práctica, xa que só se tratou dunha unión na persoa do monarca. Esta unión conlevou á coñecida expresión "*o imperio onde non se poñía o Sol*".

Felipe II personalizará un modelo de autoritarismo monárquico máis perfeccionado. A diferenza do seu pai, gobernará dende Castela, creando unha capital permanente,

Madrid (1561). Para gobernar valeuse dun poderoso exército permanente, onde destacaban os **TERZOS**¹, e dunha complexa administración que dirixiu personalmente.

A política exterior de **Felipe II** aliñouse coa do seu pai: a defensa do catolicismo e o mantemento dos territorios en Europa e ultramar. Isto conlevou a numerosos conflitos, destacando o seguintes:

INCORPORACIÓN DE PORTUGAL. En 1580 morreu, sen descendentes directos, o rei de Portugal (**Sebastián**) e **Felipe II**, como neto do rei **Manuel I**, reclamou o trono portugués. Para asegurarse os seus dereitos empregou a diplomacia para gañarse os nobres e o clero, e invadiu Portugal cun exército mandado polo **Duque de Alba**. En 1581, as Cortes portuguesas recoñeceron a **Felipe** como rei, xurando este manter as súas liberdades e institucións propias. A integración de Portugal significou, ademais da unidade peninsular, a incorporación do seu enorme imperio con posesións en África, Asia e América. Deste xeito, **Felipe II** conformou o maior imperio territorial e marítimo que existira ata daquela.

GUERRAS EN FLANDRES. A rebelión de Flandes foi un problema fundamental no goberno de **Felipe II**. Os Países Baixos eran un conglomerado de estados unidos únicamente pola obediencia ao mesmo rei e nos que arraigou fortemente a doutrina protestante. A intolerancia de **Felipe II** en materia relixiosa provocou revoltas e motíns anticatólicos e para sofocalos, o rei mandou ao **Duque de Alba** cun potente exército para reprimir as desordes. A pesar da dura represión (cun elevado número de vítimas entre as que estaban os condes de **Egmont** e **Horn**, executados en 1568) a rebelión non cedeu, sobre todo nas provincias do norte (Holanda), que non recoñecían a soberanía do rei español, defendían o protestantismo e formaron as Provincias Unidas baixo o liderazgo de **Guillherme de Orange** (Unión de Utrecht). A necesidade de **Felipe II** de ter que atender outros escenarios bélicos permitiu aos rebeldes, que contaban co apoio inglés, consolidar a súa posición. Fronte ao norte protestante, o sur dos Países Baixos mantívose na obediencia a **Felipe II** e no catolicismo (Unión de Arras).

GUERRA CONTRA INGLATERRA. Motivos relixiosos (cisma anglicano), políticos (apoios aos rebeldes protestantes en Flandes) e económicos (ataques dos piratas ingleses), agravaron as diferenzas entre **Isabel I de Inglaterra** e o rei español. Os ataques de **Francis Drake** ás colonias americanas (entre 1577-80) e a execución da raíña de Escocia, a católica **María Estuardo** (1587), decidiron a **Felipe II** a organizar a invasión e conquista de Inglaterra. Para logralo formou unha armada que debía ir ata os Países Baixos para embarcar os terzos españois e asaltar Inglaterra. A **Grande Armada** (formada por máis de 130 navíos e 25.000 homes) reuniuse en 1588 en Lisboa, recalou na Coruña e dirixiuse cara a Flandres para reunirse co exército de **Alessandro Farnesio**. A altura de Plymouth comezaron os primeiros combates coa armada inglesa dirixida por **Howard**, aos que seguiron outros sucesivos que dispersaron a frota. A maior axilidade e potencia artilleira das naves inglesas obrigaron á Grande Armada a entrar no mar do Norte e a dar a volta ás illas Británicas para regresar. Os temporais esnaquizaron a meirande parte da frota, que se afundi fronte ás costas escocesas e irlandesas; só regresaron 66 barcos e 10.000 homes. Como represalia, os ingleses enviaron unha frota capitaneada por **Drake** en 1589 que atacou a Coruña, Lisboa e as Azores.

¹**Terzos:** Unidade militar do exército español durante o período dos Austria. Son considerados os primeiros exércitos profesionais, e estaban formados por soldados voluntarios e de recrutamento, cunha gran formación. A súa orixe remóntase aos Reis Católicos, na campaña de Granada, pero serán a partir do reinado de Carlos I cando se establezan como tal e adquiran o nome de “terzos”, onde o rei divide en terzos o exército para ser enviado aos seus distintos territorios europeos, sendo os de Italia os primeiros (os chamados “terzos vellos”). Loitaban combinando as armas brancas (picas, espadas) e as de fogo (arcabuces, mosquetes). Destacan os terzos de Flandres, pola súa eficacia e fama.